



O programa de charlas divulgativas sobre o Parlamento duplicou o número de actividades no curso 2013-2014 e chegou a máis de 7.000 alumnos

- Dos 23 centros educativos que acolleron charlas sobre o Parlamento no curso pasado pasouse a 45 no ano académico que agora remata

Santiago, 27 de xuño de 2014.- O ciclo de charlas divulgativas organizadas polo Parlamento de Galicia e a Asociación de Exparlamentarios-as para alumnado de Secundaria e Bacharelato duplicou o volume de actividades nun só curso, ao pasar de 23 centros no curso 2012-2013, a un total de 45 centros no ano académico 2013-2014 que acaba de rematar.

Así o explicou este mediodía o presidente da Asociación de exparlamentarios/as do Parlamento de Galicia, Jesús M^a Fernández Rosende, nunha rolda de prensa na que interviron tamén o vicepresidente da Asociación, Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, e o vogal Ismael Rego. Estiveron acompañados por outros integrantes da Asociación.

Por provincias, A Coruña, rexistrou o maior volume de actividades (charlas en 20 centros) seguida de Pontevedra (15 centros), Lugo (7 centros) e Ourense (3 centros). En total, participaron entre 7.000 e 8.000 alumnos.

As charlas divulgativas sobre o Parlamento de Galicia foron impulsadas pola presidenta da Cámara, Pilar Rojo, na pasada lexislatura coincidindo coa celebración do 30 aniversario da constitución do lexislativo autonómico.

Charla e coloquio

Cada unha destas adoita comezar coa proxección dun vídeo sobre o Parlamento de Galicia, logo do cal os exdeputados participantes



teñen cadansúa intervención individual, que é seguida dun coloquio con preguntas e opinións dos estudantes participantes.

A celebración das charlas para estudantes de ESO e Bacharelato enmárcase na estratexia de divulgación do Parlamento de Galicia, que inclúe tamén un programa de visitas guiadas á institución e a edición de material orientado especificamente ao estudantado galego.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.